

**A ESCOLA DA VIDA**

# Itinerarios para parados

26.02.2011

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Dentro das múltiples medidas tomadas ao redor da inserción dos parados en España, o Goberno acaba de propor unha que, aínda que terá o seu inicio no 2013, parece ser das máis efectivas: ampliación do número dos orientadores laborais dentro do sistema de emprego.

É unha medida lóxica, xa que con ela trátase de orientar unhas persoas que se atopan activas pero sen traballo, debido, en moitas ocasións, ao descoñecemento que manteñen sobre como aproveitar mellor as súas potencialidades laborais no seu beneficio e darlle relevancia ante os seus posibles contratadores.

A función dos orientadores laborais é realizar plans á medida, ou, como dixo o ministro, traxes á medida de cada persoa, ofrecéndolles, en primeiro lugar, un itinerario, que debe ser subscrito de forma activa polo traballador. É dicir, o traballador debe facelo seu e poñerse na situación de que ten que ser o primeiro en pórse en acción. É como cando o médico, despois de diagnosticar a enfermidade do paciente, suxírelle o seu tratamento. Este é o responsable da súa curación e, polo tanto, o máximo interesado en seguir as prescricións.

Pero non calquera profesional serve para levar a cabo a orientación laboral. É aquí onde a Administración debe corrixir os erros cometidos ata o momento. O orientador laboral debe posuír unha preparación no ámbito da educación non formal, a educación de adultos, a orientación persoal, a profesiografía e, finalmente, deben estar preparado en orientación laboral e/ou sociolaboral. O orientador debe coñecer en profundidade o sistema educativo e investigar os recursos formativos e laborais (empresas) e coñecer as vías de capacitación das distintas ocupacións e profesións. En todos estes ámbitos os mellor e os máis cualificados son os pedagogos.

A Administración debe corrixir a deriva que tomou este tema ao permitir que calquera titulado poida acceder a esta profesión tras pasar pola simple habilitación de formarse nun temario de oposición. Os pedagogos ademais da formación que se lles pide no temario en cuestión teñen as bases teóricas e prácticas que marcan o rumbo do que debe ser a orientación laboral. Só coa conxunción de todos estes elementos se pode facer que os deseños dos procesos de inserción e reinserción dos parados sexan eficaces e adecuados..